



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 164
2 de xullo de 2021



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Aprobación sen modificacións

I 17165 (11/PNC-001745)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis

Sobre a postura do Parlamento respecto da utilización da figura do indulto con fins partidistas e a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de respecto ás decisións dos xuíces para non utilizar con fins partidistas a figura do indulto

[62396](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 8966 (11/PNC-000935)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento de políticas públicas de memoria histórica en Galicia e coas demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

[62397](#)

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación con modificacións

I 12939 (11/PNC-001322)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos de referencia dos parques eólicos instalados en Galicia

[62397](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 16866 (11/PNC-001708)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co peche de tendas do Grupo Inditex en Ferrol e A Coruña

[62398](#)



1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.3. Informe de fiscalización dos gastos electorais

■ Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación co informe de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020

- 2 propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 17737) [62401](#)
- 9 propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17734) [62402](#)
- 6 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17740) [62407](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros na execución do Acordo da Mesa do Parlamento do día 28 de xuño de 2021, de asignación a comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007) [62399](#)

■ Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 21 de xuño de 2021 [62399](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 1 de xullo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 17165 (11/PNC-001745)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as mmáis

Sobre a postura do Parlamento respecto da utilización da figura do indulto con fins partidistas e a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de respecto ás decisións dos xuíces para non utilizar con fins partidistas a figura do indulto

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 5 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia:

1. Expresa o seu apoio absoluto á Constitución, ao Estatuto de autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico como garantes do estado de dereito e da democracia no noso país.

2. Manifesta o seu apoio ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza, con especial mención ao Tribunal Supremo, de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ao imperio da lei, como establece o artigo 117 da Constitución española.

3. Insta o Goberno de España a respectar as decisións dos xuíces, non utilizando a figura do indulto con fins partidistas, para beneficiar aqueles que vulneraron a Constitución e cometeron múltiples delitos nos que, como manifestaron publicamente, pretenden reincidir.»



Rexeitamento da iniciativa

- 8966 (11/PNC-000935)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento de políticas públicas de memoria histórica en Galicia e coas demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

BOPG nº 88, do 03.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 30 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 12939 (11/PNC-001322)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos de referencia dos parques eólicos instalados en Galicia

BOPG nº 115, do 24.03.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar unha análise da situación en relación coa valoración dos prezos de referencia dos parques eólicos instalados en Galicia poñendo á disposición pública o seu resultado para favorecer a transparencia nas negociacións entre os promotores e os propietarios dos terreos afectados polo desenvolvemento de nova potencia renovable na nosa comunidade.»



Rexeitamento da iniciativa

- 16866 (11/PNC-001708)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co peche de tendas do

Grupo Inditex en Ferrol e A Coruña

BOPG nº 152, do 09.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.3. Informe de fiscalización dos gastos electorais

Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación co informe de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020

De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 10 das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación co informe de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020:

— 2 propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 17737).

— 9 propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17734).

— 6 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17740).

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución do Acordo da Mesa do Parlamento do día 28 de xuño de 2021, de asignación a comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007)

Advertido un erro material, no documento con número de rexistro de saída 4597, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di:

«1º) A apertura do prazo de 15 días hábiles para a presentación de emendas ao articulado, nos termos establecidos nos artigos 124, 123.4 e 112 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que rematará o día 15 de xullo de 2021, ás 14:00 horas.»

Debe dicir:

«1º) A apertura do prazo de 15 días hábiles para a presentación de emendas ao articulado, nos termos establecidos nos artigos 124, 123.4 e 112 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que rematará o día 15 de xullo de 2021, ás 18:30 horas.»

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 21 de xuño de 2021

Advertido un erro material na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 21 de xuño de 2021, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

Procedementos de control e impulso

Proposicións non de lei en comisión

Onde di:

«- 17255 (11/PNC-001757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a dación de conta por parte da Xunta de Galicia do informe sobre o diagnóstico das residencias de maiores que elabora o Comité Asesor Sociosanitario

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo»



Debe dicir:

«- 17255 (11/PNC-001757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para explicitar o seu apoio ás reclamacións do persoal da empresa de Xallas Electricidad y Aleaciones

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo»

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto nas Normas Reguladoras das Relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** sobre o Informe de Fiscalización das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020.

Proposta de Resolución núm. 1

Apróbase o Informe de Fiscalización das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020

Proposta de Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia, tras o avance que supuxo a elaboración dunha instrución cos criterios técnicos a seguir na fiscalización das contabilidades electorais, insta ao Consello de Contas a adiantar a súa publicación a antes do inicio da campaña.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/06/2021 18:08:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **Propostas de Resolución ao Informe de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020 (11/IFIS-000002)** (doc. núm. 16288).

Resolución núm. 1

Aprobar o Informe de Fiscalización das contabilidades electorais correspondentes ás eleccións de 12 de xullo de 2020.

Resolución núm. 2

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para reforzar o financiamento público dos partidos, con medidas de aforro e racionalización do gasto, co establecemento de límites máis estritos ao financiamento privado e en todo caso, ter clara a trazabilidade das achegas feitas polos partidos, o reforzamento de medidas de transparencia e medidas de sanción e castigo aos incumpridores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 3

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar medidas exemplificadoras para castigar aos incumpridores, e, en particular, que se suspenda o pagamento de subvencións cando se ditén sentenzas onde se declare a responsabilidade penal da formación política ou de persoas con responsabilidades na xestión das súas finanzas.

Resolución núm. 4

O Parlamento insta a Xunta de Galiza para que estableza un mecanismo de fiscalización que permita establecer a veracidade e realidade da equivalencia entre as contas e os custes reais, é dicir, que se realice un proceso de veracidade dos custes para un mellor aproveitamento dos recursos públicos.

Resolución núm. 5

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a arbitrar un mecanismo para o envío único, centralizado de papeletas e sobres de votación, de todas as formacións políticas que se presenten no proceso electoral, co fin de garantir a igualdade e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos públicos.

Resolución núm. 6

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar un paquete de medidas para racionalizar o gasto das organizacións políticas e de mellora da calidade democrática nas campañas electorais, tais como: como incrementar a cobertura informativa das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

campañas electorais nos medios de comunicación públicos, establecer a obrigatoriedade da celebración de debates e de que os medios públicos emitan en horario de máxima audiencia entrevistas con candidatos das distintas formacións políticas.

Resolución núm. 7

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reforzar as competencias en materia de fiscalización das organización políticas por parte do Consello de Contas, instando ao Goberno galego a procurar o asinamento de instrumentos de cooperación ou colaboración entre o Tribunal de Cuentas do Estado e o Consello de Contas de Galiza co fin de que a fiscalización dos partidos políticos galegos, así como das organizacións territoriais que teñan en Galiza partidos políticos de ámbito estatal se efectúe integramente polo Consello de Contas de Galiza.

Resolución núm. 8

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar o emprego da lingua galega nas relacións que as diversas entidades galegas manteñen co Consello de Contas.

Resolución núm. 9

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que favoreza a extensión do labor do Consello de Contas canto á fiscalización da regularidade de gastos electorais ao control do gasto público en materia de publicidade desenvolto pola Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e organismos dependentes no trimestre anterior á celebración de eleccións así como nos días de campaña electoral para garantir a non existencia de publicidade electoral encuberta.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/06/2021 17:25:48

Noa Presas Bergantiños na data 29/06/2021 17:26:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/06/2021 17:26:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/06/2021 17:27:11



Á Mesa da Comisión non lexislativa para as relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 10.3 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes propostas de resolución ao Informe de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020 (11/IFIS-000002, doc. núm. 16288)

Resolución núm. 1

Aprobar a modificación do Informe de fiscalización das contabilidades electorais correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á publicación nos respectivos portais de transparencia do Informe de fiscalización e a súa modificación sobre os gastos de campaña electoral dos diferentes partidos políticos con representación parlamentaria de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 9/2015, de 7 de agosto, de financiación das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes, dunha maneira clara, estruturada e entendible para as persoas interesadas, de modo que figuren nun mesmo documento os beneficiarios e beneficiarias, o importe e os conceptos relativos á subvención en formatos reutilizables.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas de Galicia á realización do Informe de fiscalización selectiva das subvencións a fundacións e entidades vinculadas a formacións políticas ou dependentes delas previsto na artigo 43 da Lei 9/2015, de 7 de agosto, de financiación das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas de Galicia a efectuar fiscalizacións selectivas do gasto público da Administración Xeral da Xunta de Galicia e do sector público autonómico, nomeadamente a través de contratos menores, acordos marco ou contratos derivados destes acordos marco, en materia de publicidade institucional desenvolto pola Xunta de Galicia e organismos



dependentes nos tres trimestres anteriores á celebración de eleccións así como nos días de campaña electoral para garantir a non existencia de publicidade electoral encuberta.

Resolución núm. 5

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que traslade á subcomisión do Congreso dos Deputados, reformar a Lei electoral co fin de ter unha regulación máis transparente de doazóns e microcréditos.

Resolución núm. 6

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar a calidade democrática nas campañas electorais, incrementando a cobertura informativa das campañas electorais nos medios de comunicación públicos, establecendo a obrigatoriedade da celebración de debates e de que os medios públicos emitan en horario de máxima audiencia entrevistas con candidatos das distintas formacións políticas.

Pazo do Parlamento, 29 de xuño do 2021

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/06/2021 18:13:05



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

